

## Guía sesión de formación

# As cualificacións no EVA mediante rúbricas

# AVALIACIÓN DE TAREFAS NO EVA MEDIANTE RÚBRICAS

- Crear unha tarefa: Por exemplo, elaborar un traballo escrito describindo o percorrido do camiño de Santiago desde Roncesvalles ata Santiago de Compostela especificando aspectos e lugares de interese cultural relacionados co camiño. Na configuración da tarefa establecese a seguinte configuración:
- No apartado “Cualificación”, seleccionar “Rúbrica” en Método de cualificación (Por defecto aparece “Cualificación directa simple”).

The screenshot shows the 'Cualificación' (Assessment) configuration section. It includes the following fields:

- Cualificación: A dropdown menu set to '100'.
- Método de cualificación: A dropdown menu set to 'Rúbrica'.
- Categoría de cualificación: A dropdown menu set to 'Sen categoría'.
- Ocultar identidade: A dropdown menu set to 'Non'.
- Usar workflow de avaliadores: A dropdown menu set to 'Non'.
- Usar asignación de avaliadores: A dropdown menu set to 'Non'.

## ► Configuración común do módulo

- Se no apartado “Cualificación” seleccionamos 10 en lugar de 100, o grao de consecución da tarefa referirase a 10 en lugar de 100. Neste exemplo deixamos 100.
- Facer click en “Gardar e mostrar”
- Aparecerá unha mensaxe advertindo o seguinte: “Teña en conta que o formulario de cualificación avanzada non está preparado neste momento. Empregarase o método de cualificación simple ata que formulario teña un estado correcto.”
  - Por tanto, ata que teñamos definida a rúbrica empregarase o método de cualificación simple.
- Facer click en [Definir un novo formulario de cualificación desde cero](#). Aparecerá a seguinte ventá:

Nome*	<input type="text"/>																		
Descripción	<p><b>Ruta:</b> p</p> <p><b>Rúbrica</b></p> <table border="1"> <tr> <td></td> <td><i>Prema para editar o criterio</i></td> <td><i>Prema para editar o nivel</i></td> <td><i>Prema para editar o nivel</i></td> <td><i>Prema para editar o nivel</i></td> <td><b>+Engadir nivel</b></td> </tr> <tr> <td></td> <td></td> <td><i>0 puntos</i></td> <td><i>1 puntos</i></td> <td><i>2 puntos</i></td> <td></td> </tr> <tr> <td></td> <td></td> <td></td> <td></td> <td></td> <td></td> </tr> </table> <p><b>+Engadir criterio</b></p>		<i>Prema para editar o criterio</i>	<i>Prema para editar o nivel</i>	<i>Prema para editar o nivel</i>	<i>Prema para editar o nivel</i>	<b>+Engadir nivel</b>			<i>0 puntos</i>	<i>1 puntos</i>	<i>2 puntos</i>							
	<i>Prema para editar o criterio</i>	<i>Prema para editar o nivel</i>	<i>Prema para editar o nivel</i>	<i>Prema para editar o nivel</i>	<b>+Engadir nivel</b>														
		<i>0 puntos</i>	<i>1 puntos</i>	<i>2 puntos</i>															

- Engadimos un nome e unha descripción. Na parte inferior podemos engadir criterios e niveis para a definición da rúbrica.
- Os criterios especifican os aspectos a valorar. No noso exemplo empregaranse, por exemplo, os seguintes criterios:
  - Contido (40%)
  - Redacción (30%)
  - Ortografía (30%)
- Os niveis especifican como se avalían os diferentes criterios. Pódese asignar unha cualificación numérica asociada a cada nivel que se defina.
- Facendo click en Engadir criterio ou Engadir nivel engadirase un novo criterio/nivel. No caso dos niveis, será preciso establecer unha cualificación numérica asociada.
- Sempre será posible eliminar un criterio/nivel facendo click na aspa, moveiros de lugar coas frechas, etc.
- Non debe quedar ningún elemento/nivel en branco. En caso de non ser necesario, débese proceder ao seu borrado.

- No seguinte exemplo cualificarase a tarefa en 10 puntos, polo que de acordo co anterior o criterio “Contido” terá unha puntuación máxima de 4, a “Redacción” de 3 e a “Ortografía” de 3.

Rúbrica		<b>Contido</b>	Non se entregou o trabalho. <i>0 puntos</i> 	Presentáronse poucos temas pero os que se presentaron foron tratados con moita profundidade. <i>1 puntos</i> 	Presentáronse a maior parte dos temas pero sen profundizar o suficiente <i>2 puntos</i> 	Presentáronse todos os aspectos e lugares relevantes coa profundidade requirida <i>4 puntos</i> 	
		<b>Redacción</b>	Non se entregou o trabalho. <i>0 puntos</i> 	A redacción non é boa. Non se expresan correctamente as ideas desde un punto de vista lingüístico. <i>1.5 puntos</i> 	A redacción é clara e precisa. <i>3 puntos</i> 		
		<b>Ortografía</b>	Máis de 5 faltas de ortografía <i>0 puntos</i> 	Entre 3 e 5 faltas de ortografía <i>1 puntos</i> 	1 ou 2 faltas de ortografía <i>2 puntos</i> 	Sen faltas de ortografía <i>3 puntos</i> 	

**Engadir criterio**

- As opcións da rúbrica permiten diferentes posibilidades. Recoméndase que se manteñan as opcións por defecto (todas marcadas).
- Finalmente facer click en “Gardar a rúbrica e deixala rematada”. Aparecerá unha ventá con un resumo da nosa rúbrica, onde o propio EVA especificará as puntuacións mínimas e máximas posibles cando se empregue a rúbrica definida (neste exemplo, 0 a 10 puntos).

## Puntuación das regras de asignación de cualificación

A puntuación mínima posibel para esta rúbrica é **0 puntos** e converteranse na cualificación mínima dispoñible neste módulo (que é cero a non ser que se empregue a escala. A puntuación máxima **10 points** converterase na cualificación máxima.

As puntuacíons intermedias converteranse respectivamente e redondearanse a cualificación más próxima dispoñible.

De empregarse unha escala no canto dunha cualificación, a puntuación converterase á escala dos elementos como se fosen números enteiros consecutivos.

<b>Contido</b>	Non se entregou o traballo. <b>0 puntos</b>	Presentáronse poucos temas pero os que se presentaron foron tratados con moita profundidade. <b>1 puntos</b>	Presentáronse a maior parte dos temas pero sen profundizar o suficiente <b>2 puntos</b>	Presentáronse todos os aspectos e lugares relevantes coa profundidade requirida <b>4 puntos</b>
<b>Redacción</b>	Non se entregou o traballo. <b>0 puntos</b>	A redacción non é boa. Non se expresan correctamente as ideas desde un punto de vista lingüístico. <b>1.5 puntos</b>	A redacción é clara e precisa. <b>3 puntos</b>	
<b>Ortografía</b>	Máis de 5 faltas de ortografía <b>0 puntos</b>	Entre 3 e 5 faltas de ortografía <b>1 puntos</b>	1 ou 2 faltas de ortografía <b>2 puntos</b>	Sen faltas de ortografía <b>3 puntos</b>

- Sempre se pode editar a rúbrica facendo click en Administración-->Cualificación avanzada-->Definir rúbrica

# CORRECCION DA TAREFA MEDIANTE RUBRICAS

- Unha vez definida a tarefa e a rúbrica para a súa avaliación, os alumnos poden enviar as tarefas que serán corrixidas polo profesor ou profesora da materia.
  - Seleccionado co rato o nivel desexado automaticamente tomarase a puntuación asociada ao devandito nivel. (Cor verde).
  - O profesor tamén ten a posibilidade de facer comentarios sobre a puntuación asignada a cada nivel.

Cualificación: Especificación de corrección para redaccións				
Contido	Non se entregou o trabalho. <i>0 puntos</i>	Presentáronse poucos temas pero os que se presentaron foron tratados con moita profundidade. <i>1 puntos</i>	Presentáronse a maior parte dos temas pero sen profundizar o suficiente <i>2 puntos</i>	Presentáronse todos os aspectos e lugares relevantes coa profundidade requirida <i>4 puntos</i>
Redacción	Non se entregou o trabalho. <i>0 puntos</i>	A redacción non é boa. Non se expresan correctamente as ideas desde un punto de vista lingüístico. <i>1.5 puntos</i>	A redacción é clara e precisa. <i>3 puntos</i>	
Ortografía	Máis de 5 faltas de ortografía <i>0 puntos</i>	Entre 3 e 5 faltas de ortografía <i>1 puntos</i>	1 ou 2 faltas de ortografía <i>2 puntos</i>	Sen faltas de ortografía <i>3 puntos</i>

- Neste exemplo obsérvase que o alumno foi cualificado con 9 (4+3+2) puntos sobre 10. Dado que na cualificación da tarefa deixamos 100 en “Cualificación”, no informe de cualificacións amosarase unha puntuación global de 90/100.
  - No caso de ter seleccionado 10 en lugar de 100, aparecería 9/10.

- O profesor tamén pode enviar comentarios ao alumno:

Comentarios

The screenshot shows a rich text editor window with a toolbar at the top containing icons for bold, italic, underline, and other styling options. Below the toolbar, there are two messages in Spanish:

Moi ben. Continúa así.

Hai que mellorar un pouco a ortografía

At the bottom left of the editor, there is a "Notify students" button set to "Si".

- Os comentarios unha vez gardados veranse así no informe de cualificacións:

Última modificación (cualificación)	Comentarios	Cualificación final
-		-
Venres, 6 de Febreiro do 2015, 11:55	<p>Moi ben. Continúa así.</p> <p>Hai que mellorar un poco a ortografía</p>	90,00 / 100,00
-		-